



V CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE

LIV Curso de Saúde Ambiental

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2014

Lugo, 13-16 outubro 2014



Coidar a nosa terra está nas nosas máns



Auspiciado



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Patrocinadores oficiais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Innovación e
Xestión da Saúde Pública



ELPROGRESO



Concello de Lugo
Concellería de Medio Ambiente



DEPUTACIÓN DE LUGO




Sede anfitroia



XUNTA DE GALICIA
Delegación Territorial de Lugo



Muralla romana de Lugo (declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO o 30 de novembro do ano 2000)



Río Miño



Reserva da Biosfera Terras do Miño



Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses



CASA DE S.M. EL REY

CREDENCIAL

Nº 161/2014



Su Majestad el Rey, accediendo a la petición que tan amablemente Le ha sido formulada, ha tenido a bien aceptar la

PRESIDENCIA DEL COMITÉ DE HONOR

del «**V CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE – LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL**», que se celebrará en Lugo del 13 al 16 de octubre próximo.

Lo que me complace participarle para su conocimiento y efectos.

PALACIO DE LA ZARZUELA, 17 de julio de 2014

EL JEFE DE LA CASA DE S.M. EL REY,

SEÑOR PRESIDENTE DEL COMITÉ ORGANIZADOR DEL CONGRESO.

LUGO

COMITÉ DE HONRA

PRESIDENTE:

S.M. EL REY FELIPE VI
D. Felipe de Borbón y Grecia

MEMBROS:

D. Mariano Rajoy Brey
Presidente do Goberno de España.

D. Alberto Núñez Feijóo
Presidente da Xunta de Galicia.

D.ª Isabel García Tejerina
Ministra de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.

D.ª Ana Mato Adrover
Ministra de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

D. Samuel Jesús Juárez Casado
Delegado do Goberno de España en Galicia.

D. Xosé López Orozco
Alcalde de Lugo.

D.ª Ethel Vázquez Mourelle
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D.ª Rocío Mosquera Álvarez
Conselleira de Sanidade da Xunta de Galicia.

Monseñor D. Alfonso Carrasco Rouco
Obispo de Lugo.

D. José Ramón Gómez Besteiro
Presidente da Deputación Provincial de Lugo.

D. Juan Manuel Viaño Rey
Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela.

D. Xosé Luis Armesto Barbeito
Reitor Magnífico da Universidade da Coruña.

D. Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor Magnífico da Universidade de Vigo.

D.ª Raquel Arias Rodríguez
Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Lugo.

D. Federico Mayor Zaragoza
Presidente da Fundación Cultura de Paz.

D.ª María Neira González
Directora Department of Public Health and Environment-World Health Organization (WHO).

D. José María Ordóñez Iriarte
Presidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA).

D. Jaime Rodríguez-Arana Muñoz
Presidente da Asociación Española de Ciencias Administrativas – Instituto Internacional de Ciencias Administrativas-Sección Española.

COMITÉ ORGANIZADOR E CIENTÍFICO

PRESIDENTE:

D. Francisco José Peña Castiñeira

Experto en Saúde Ambiental. Fundador responsable Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2014 e director Cursos de Saúde Ambiental. Profesor de Medio Ambiente y Salud de CEPADE-Universidad Politécnica de Madrid (2000-2014). Exprofesor de Hixiene e Sanidade Ambiental na Facultade de Farmacia e de Medicina Preventiva e Social na Facultade de Medicina da USC (1979-1993). Exdirector do CEIDA-Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (1998-1999). Académico correspondente da Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia (1988). Dirixiu máis de 150 proxectos de formación, investigación e educación ambiental e ten no seu haber 70 libros publicados relacionados coa problemática ambiental (16 como autor e 54 como director/coordinador). Recibiu 9 premios de investigación científica e 26 galardóns e distincións, entre os que cabe destacar o recoñecemento da OMS pola súa valiosa aportación ao proxecto “Healthy Cities” (1989) e a insignia de prata da Sanidade Ambiental Española e diploma correspondente (2009), concedida pola Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA), pola súa plena dedicación durante tres décadas á formación en Saúde Ambiental, da que foi precursor, tanto no ámbito universitario como no profesional. Recentemente lle foi concedido o Premio Cumbres del Suido de Investigación Científica y Técnica, por unha vida dedicada ao medio ambiente e a saúde, na que cabe destacar o seu compromiso con Galicia, a súa vocación de servizo público á sociedade e unha traxectoria exemplarizante.

SECRETARIA:

D.ª María del Carmen Rivas Fernández

Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental pola Universidade de Santiago de Compostela.

MEMBROS:

D. Luis Manuel Álvarez Martínez

Concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Lugo.

D. Rogério Paulo Da Silva Nunes

Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental. Mestre en Enxeñaría de Seguridade e Hixiene Ocupacionais. Profesor adxunto de Saúde Ambiental na Escola Superior de Saúde do Instituto Politécnico de Beja (Portugal).

D. Justo de Benito Basanta

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D. José Antonio Fernández Bouzas

Director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

D. Ángel Gómez Amorín

Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Vicepresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA).

D.ª María Anunciación Lafuente Giménez

Catedrática de Toxicoloxía da Universidade de Vigo. Exvicepresidenta da Asociación Española de Toxicología.

D. Juan José Lirón Lago

Exdirector da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte Portugal (GNP-AECT).

D.ª Sonsoles López Izquierdo

Deputada Provincial de Medio Ambiente e Enerxías Renovables da Deputación de Lugo.

D.ª Andrea Macho Benito

Técnica de Medio Ambiente da Deputación de Lugo.

D. Felipe Macías Vázquez

Doutor en Química. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela, con 6 quinquenios de docencia e 6 sexenios de investigación recoñecidos. Coordinador do Laboratorio de Tecnoloxía Ambiental do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da USC. Investigador principal de máis de 100 proxectos de investigación. Director de 25 Tesis Doctorais. Autor de máis de 250 publicacións relacionadas coa problemática ambiental. Entre outras, é membro electo da “Académie d’Agriculture, Alimentacion e l’Environnement” de Francia na Sección: “Physique et Chimie des Milieux e des êtres vivants” desde 2005.

D. José Vicente Martí Boscà

Expresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Doutor en Medicina. Xefe da Unidad de Sanidad Ambiental da Dirección General de Salud Pública da Generalitat Valenciana. Profesor asociado de Salud Pública da Universitat de Valencia. Director do libro: “Cambio Global España 2020/50. Cambio Climático y Salud”.

D.ª María Julia Melgar Riol

Doutora en Farmacia. Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Académica correspondente da Academia de Farmacia de Galicia.

D. Miguel Ángel Negral Fernández

Enxeñeiro de Montes do Servizo de Medio Ambiente do Excmo. Concello de Lugo.

D. Carlos Rodríguez Dacal

Doutor en Bioloxía. Catedrático de Ciencias Naturais. Botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

D. Francisco Javier Sanz Larruga

Doutor en Dereito. Catedrático de Dereito Administrativo e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Experto en Dereito Ambiental e autor de 6 libros.

PRESENTACIÓN

“Pensar globalmente, actuar localmente”.

“O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación”.

“A saúde ambiental do planeta: de esperanza utópica a esperanza alcanzable e temos que unir esforzos e traballar todos xuntos para que se converta nunha realidade tanxible no século XXI”.

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente dando orixe a problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización, etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no noso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceu expresamente na 3ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Janeiro (1992), a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002) e Río+20 (2012), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). Para acadar os obxectivos do VI Programa Comunitario de Acción en materia de medio ambiente para 2001-2010, ademais da consideración das disposicións legislativas vixentes e de aspectos tecnolóxicos inclúense actuacións tales como o aumento de diálogo coa empresa, fomento de acordos voluntarios, participación da opinión pública, acceso á información ambiental, etc. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local.

Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar aos concellos galegos de asumir esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida dos cidadáns, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2014**, que contou cos parabéns do coordinador do proxecto “Healthy Cities” da Oficina Rexional para Europa da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira na Unión Europea, ten como obxectivos prioritarios a formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, ademais de foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente. A posta en marcha en Galicia deste Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo de 15 anos, contou coa participación de 260 concellos (254 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano e 3 portugueses) e 5 entidades locais e rexionais portuguesas, e 5.115 asistentes nas 53 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados.

Precisamente, co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios e máis importantes que ten a civilización actual, co especial referencia a Galicia, organízase o **V CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE - LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL**, que deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde, e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental, ademais de referencia ambiental durante esa semana e punto de encontro de ambientalistas de toda Galicia, outras CCAA do Estado español e Norte de Portugal, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible cara á saúde ambiental futura do planeta e moi especialmente da nosa querida terra Galicia.

Finalmente, destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, ecoloxistas, comunicadores, así como a participación activa dos cidadáns, en prol de conseguir un medio ambiente máis saudable e sostible para todos/as os/as galegos/as, mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira

FUNDADOR RESPONSABLE PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2014
PRESIDENTE V CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE
DIRECTOR LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL

PROGRAMA

LUNS, 13 DE OUTUBRO

10:00 h.: BENVIDA AOS CONGRESISTAS: ACREDITACIÓN E ENTREGA DE DOCUMENTACIÓN.

11:00 h.: ACTO INAUGURAL DO CONGRESO, QUE INCLÚE:

- DISCURSOS DAS AUTORIDADES E PERSONALIDADES RELEVANTES INVITADAS (CASA REAL, GOBERNO DE ESPAÑA, XUNTA DE GALICIA, CONCELLO DE LUGO, DEPUTACIÓN DE LUGO, UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SESA).
- MENSAXE DA OMS DESDE A SÚA SEDE EN GINEBRA: **“FOMENTAR UN MEDIO AMBIENTE MÁIS SAUDABLE COMO UN DESAFÍO GLOBAL PARA A HUMANIDADE”**, A CARGO DA DRA. MARÍA NEIRA, DIRECTORA DEPARTAMENTO OF PUBLIC HEALTH AND ENVIRONMENT – WORLD HEALTH ORGANIZATION (WHO).
- ENTREGA DO MEDALLÓN DE PRATA E ESMALTE CONMEMORATIVO DO PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2014 A PERSONALIDADES RELEVANTES DO ÁMBITO POLÍTICO, CIENTÍFICO E EMPRESARIAL.

12:30 H.: CONFERENCIA INAUGURAL: **“O DEREITO DE TODOS OS CIDADÁNS DO MUNDO A UNHA VIDA DIGNA”**
PROF. DR. D. FEDERICO MAYOR ZARAGOZA

Doutor en Farmacia pola Universidad Complutense de Madrid (1958). Catedrático de Bioquímica da Facultade de Farmacia da Universidad de Granada (1963). Reitor da Universidad de Granada 1968-1972, ademais de reitor honorario da mesma. Catedrático de Bioquímica da UAM (1972-2004). Exdirector do Departamento interfacultativo de Bioquímica da Universidad de Granada e exdirector do Departamento de Bioquímica da Facultade de Ciencias da Universidad Autónoma de Madrid. Vicepresidente do CSIC (1971) e posteriormente presidente en funcións (1972-1973). Cofundador en 1974 do Centro de Biología Molecular Severo Ochoa da Universidad Autónoma de Madrid e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, do que foi ademais presidente científico ata o ano 1978. Subsecretario de Educación e Ciencia do Goberno español (1974-1975). Presidiu a Comisión Asesora de Investigación Científica e Técnica (1974-1977). Diputado ao Parlamento Español (1977-1978). Conselleiro do Presidente do Goberno Adolfo Suárez González (1.977-1978). Presidiu a Comisión de Educación e Ciencia do Congreso dos Diputados (1977-1978). Director General Adxunto dea Unesco (1978-1981). Exministro de Educación e Ciencia (1981-1982). Diputado ao Parlamento Europeo (1987). Director xeral da UNESCO (1987-1999). O longo dos 12 anos que estivo ao fronte da Unesco, lle deu un novo impulso á misión da organización: “construir os baluartes da paz na mente dos homes” ala converterala nunha institución ao servizo da paz, a tolerancia, os dereitos humanos e a convivencia pacífica, mediante actividades no seu ámbito de competencia e sempre fiel o seu cometido orixinal. Exdirector da Fundación Instituto de Ciencias del Hombre. Presidente do Consello Científico da Fundación Ramón Areces desde 1993. É membro de múltiples organizacións, academias e asociación nacionais e internacionais, entre outras: Sociedad Española de Bioquímica (1964) da que foi presidente (1970-1974), Asociación Americana para o Fomento da Ciencia (1965), Sociedad de Bioquímica do Reino Unido (1966), Real Academia Nacional de Farmacia (1975), Club de Roma (1981), Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (1994), Academia de China das Ciencias (1994), Academia Rusa de Ciencias (1999), Real Academia Nacional de Medicina (2002), e membro fundador da Real Academia Europea das Ciencias, as Artes e as Letras. Escribiu máis de 50 obras de investigación sobre o metabolismo dos aminoácidos e a patoloxía molecular perinatal. Articulista e escritor; autor de numerosos libros. Recibiu condecoracións e distincións de diferentes países. Está en posesión das Grandes Cruces de Alfonso X El Sabio, Sanidade e Carlos III. Doutor Honoris Causa por numerosas universidades nacionais e internacionais, entre elas a USC. No ano 2005 foi designado copresidente do Grupo de Alto Nivel para a Alianza de Civilizacións, polo Secretario General das Nacións Unidas. No ano 2007 foi premiado co recoñecemento Mare Terra dos Premios ONES Mediterrània pola súa traxectoria na loita pola igualdade, a xustiza social e a defensa medioambiental. En xuño de 2008 foi nomeado presidente do Consello Director da Axencia de Noticias Inter Press Services (IPS). Actualmente preside a Comisión Internacional contra a Pena de Morte. Presidente da Fundación Cultura de Paz, constituída en Madrid en marzo de 2000, coa finalidade de continuar coa labor realizada desde a Unesco de impulsar o tránsito dunha cultura desde a violencia e imposición a unha cultura de paz e tolerancia.

16:30 H.: I SESIÓN PLENARIA: **“A SAÚDE AMBIENTAL DO PLANETA PARA TODOS: NOVOS RETOS DE FUTURO CARA A UNHA REALIDADE TANXIBLE NO SÉCULO XXI”**

PRESIDENTE: “A SAÚDE AMBIENTAL EN GALICIA”

D. ÁNGEL GÓMEZ AMORÍN

Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Vicepresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA).

RELATORES:

- **“A SAÚDE AMBIENTAL EN ESPAÑA”**
PROF. DR. D. JOSÉ VICENTE MARTÍ BOSCA
Expresidente da Sociedade Española de Sanidad Ambiental. Xefe da Unidade de Sanidad Ambiental da Dirección General de Salud Pública da Generalitat Valenciana. Profesor asociado de Salud Pública da Universitat de Valencia. Director do libro: “Cambio Global España 2020/50. Cambio Climático y Salud”.
- **“A SAÚDE AMBIENTAL EN PORTUGAL”**
PROF. DR. D. ROGÉRIO PAULO DA SILVA NUNES
Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental. Mestre en Enxeñaría de Seguridade e Hixiene Ocupacionais. Exprofesor adxunto de Saúde Ambiental na Escola Superior de Saúde do Instituto Politécnico de Beja (Portugal).
- **“A CALIDADE DO AIRE EN ESPAÑA”**
DRA. D.ª ROSALÍA FERNÁNDEZ PATIER
Xefa da Área de Contaminación Atmosférica do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía y Competitividad.
- **“SISTEMA DE VIXILANCIA DA CALIDADE DO AIRE EN GALICIA E CONTROL DE EMISIÓNS”**
D.ª M.ª LUZ MACHO EIRAS
Directora do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“A TOXICOLOXÍA AMBIENTAL E ALIMENTARIA: INSTRUMENTOS IMPRESCINDIBLES DE APOIO Á SAÚDE AMBIENTAL E SAÚDE PÚBLICA”**
PROF.ª DRA. D.ª MARÍA ANUNCIACIÓN LAFUENTE GIMÉNEZ
Catedrática de Toxicología da Universidade de Vigo. Exvicepresidenta da Asociación Española de Toxicología.

MARTES, 14 DE OUTUBRO

10:00 H.: I CONFERENCIA MAXISTRAL: “NOVOS RETOS NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO CARA A UN PLANETA MÁIS SAUDABLE E SUSTENTABLE”

PROF. DR. D. JOSÉ IGNACIO ELORRIETA PÉREZ DE DIEGO

Doutor en Ciencias Biolóxicas. Exprofesor da Universidad Complutense de Madrid. Exdirector do Instituto de Salud Pública de Navarra. Exdirector xeral de Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra. Exdirector executivo de Sostibilidade da Fundación ISR. Exasesor da OMS. Exdirector xeral de Medio Ambiente e Sostibilidade de Cementos Portland Valderrivas. Está en posesión da Orde Civil de Sanidade.

11:15 H.: II SESIÓN PLENARIA: “POR UN MODELO ENERXÉTICO MÁIS SUSTENTABLE NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO”

PRESIDENTE: PROF. DR. D. JOSÉ VICENTE MARTÍ BOSCA

Expresidente da Sociedade Española de Sanidad Ambiental. Xefe da Unidade de Sanidad Ambiental da Dirección General de Salud Pública da Generalitat Valenciana. Profesor asociado de Salud Pública da Universitat de Valencia. Director do libro: “Cambio Global España 2020/50. Cambio Climático y Salud”.

RELATORES:

- **“O PAPEL DAS EMPRESAS DE SERVIZOS ENERXÉTICOS NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO”**
D. RAMÓN SILVA BURGOS
Responsable de Innovación e Desenvolvemento de Servizos Energéticos Gas Natural Servizos da Dirección General de Negocios Minoristas do Grupo Gas Natural Fenosa.
- **“A ENERXÍAS RENOVABLES NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO”**
D. FRANCISCO SILVA CASTAÑO
Delegado de Iberdrola en Galicia.
- **“ACTUACIÓNS EN GALICIA NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO”**
PROF. DR. D. VICENTE PÉREZ MUÑUZURI
Subdirector xeral de Meteoroloxía e Investigación e director de MeteoGalicia da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia. Profesor da Facultade de Físicas da Universidade de Santiago de Compostela.

16:30 H.: II CONFERENCIA MAXISTRAL: “A SOSTIBILIDADE DOS RECURSOS HÍDRICOS DO PLANETA: NOVOS RETOS DE FUTURO”

PROF. DR. D. AURELIO HERNÁNDEZ MUÑOZ

Catedrático emérito de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental da Universidade Politécnica de Madrid. Catro sexenios de investigación acreditados e máis de 40 teses doutorais dirixidas. Tras 50 anos de experiencia profesional no sector das augas, ten un recoñecido prestixio a nivel internacional, con 25 estancias no estranxeiro. É autor de 9 libros e de 7 patentes e 3 modelos de utilidade. Elaborou diversos Plans de Abastecemento e Saneamento ademais de intervir en máis de 200 proxectos de depuradoras. Ten no seu haber a Medalla da UPM e diversos premios recibidos.

17:45 H.: III SESIÓN PLENARIA: “A XESTIÓN DAS AUGAS EN GALICIA”

PRESIDENTA: PROF.^a DRA. D.^a MARÍA JULIA MELGAR RIOL

Doutora en Farmacia. Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo. Académica correspondente da Academia de Farmacia de Galicia.

RELATORES:

- **“A DEMARCAÇÃO HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL: O CAMIÑO CARA A UNHA XESTIÓN INTEGRADA DAS AUGAS”**
Confederación Hidrográfica del Miño-Sil do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- **“MODELO DE XESTIÓN DO CICLO DA AUGA EN GALICIA”**
D. GONZALO MOSQUEIRA MARTÍNEZ
Director de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“NOVOS RETOS NA XESTIÓN INTEGRAL DA AUGA”**
D. JOSÉ ANTONIO DEL REY MARTÍN
Xerente de Operacións de Viaqua.
- **“AUGA REXENERADA: OBTENCIÓN E REUTILIZACIÓN PLANIFICADA EN USOS AMBIENTAIS E URBANOS NO CONCELLO DE LUGO”**
D. MIGUEL ÁNGEL NEGRAL FERNÁNDEZ
Enxeñeiro de Montes do Servizo de Medio Ambiente do Excmo. Concello de Lugo.

MÉRCORES, 15 DE OUTUBRO

10:00-14:00 H.: VISITAS PRÁCTICAS:

- Opción A: ETAP e EDAR municipais de Lugo, Balneario Termas Romanas de Lugo; organizada e coordinada polo Excmo. Concello de Lugo.
- Opción B: Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Terras do Miño (Paseo do río Rato – Lugo), organizada e coordinada pola Excma. Deputación de Lugo.



ETAP municipal de Lugo



EDAR municipal de Lugo



Balneario Termas Romanas de Lugo



Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Terras do Miño

16:30 H.: IV SESIÓN PLENARIA: “A XESTIÓN INTEGRAL DOS RESIDUOS EN GALICIA: A NECESIDADE DE CONVERTIR OS RESIDUOS NUN RECURSO”

PRESIDENTE: PROF. DR. D. FELIPE MACÍAS VÁZQUEZ

Doutor en Química. Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da Universidade de Santiago de Compostela, con 6 quinquenios de docencia e 6 sexenios de investigación recoñecidos. Coordinador do Laboratorio de Tecnoloxía Ambiental do Instituto de Investigacións Tecnolóxicas da USC. Investigador principal de máis de 100 proxectos de investigación. Director de 25 Tesis Doctorais. Autor de máis de 250 publicacións relacionadas coa problemática ambiental. Entre outras, é membro electo da “Académie d’Agriculture, Alimentacion e l’Environnement” de Francia na Sección: “Physique et Chimie des Milieux e des êtres vivants” desde 2005. Director xeral da Axencia de Calidade Ambiental da Consellería de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia (1988-1989). Membro do Consello de Administración de Sogama en representación da Xunta de Galicia (1990-1999).

RELATORES:

- **“A POLÍTICA COMUNITARIA E ESTATAL DE RESIDUOS”**
D.^a MARÍA JOSÉ DELGADO ALFARO
Subdirectora xeral de Residuos da Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental y Medio Natural do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente.
- **“A XESTIÓN DOS RESIDUOS EN GALICIA: SITUACIÓN ACTUAL E PERSPECTIVAS DE FUTURO”**
D. MIGUEL ÁNGEL VEIGA CAMPO
Subdirector xeral de Residuos e Solos Contaminados da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“IMPLICACIÓNS AMBIENTAIS, ECONÓMICAS E SOCIAIS DO MODELO SOGAMA PARA A CIDADANÍA GALEGA”**
D.^a MARÍA ESTHER CAMPOS MOSQUERA
Responsable de Comunicación de Sogama.
- POR DETERMINAR

XOVES, 16 DE OUTUBRO

10:00 H.: SESIÓN DE COMUNICACIÓNS TÉCNICAS DE EMPRESAS: “CONTRIBUCIÓN DO EMPRENDEMENTO EMPRESARIAL AO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DE GALICIA”

PRESIDENTE: D. JUAN JOSÉ LIRÓN LAGO

Exdirector da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte Portugal (GNP-AECT).

10:15 H.: “A XESTIÓN AMBIENTAL COMO XERADORA DE RENDIBILIDADE EMPRESARIAL”

D. JOSÉ ENRIQUE RODRÍGUEZ COELLO

Xefe do Servizo Comercial de AENOR en Galicia.

10:45 H.: “A RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA COMO FERRAMENTA DE EXCELENCIA EMPRESARIAL”

D.^a MARÍA VICTORIA ESCUREDO MERINO
Xefa do Departamento de Consultoría de Novotec Galicia.

11:15 H.: “INNOVACIÓN TECNOLÓXICAS NA TELEXESTIÓN DE DISPOSITIVOS CONTADORES PRIME”

D. ÓSCAR MARTÍNEZ SOUSA
Xerente propietario de Telecontrol STM.

11:45 H.: “ESTRATEGIA DE SOSTIBILIDADE DE ALCOA”

D.^a VANESA EXPÓSITO CAMPOS
Responsable de Medio Ambiente de Alcoa San Cibrao.

12:15 H.: “O TERMALISMO COMO FONTE DE SAÚDE, TURISMO E NATUREZA”

DRA. D.^a ASCENSIÓN SÁNCHEZ CARRIÓN
Médico hidrólogo. Directora médica do Balneario Termas Romanas de Lugo.

13:00 H.: III CONFERENCIA MAXISTRAL: “O EMPRENDEMENTO EMPRESARIAL NO SECTOR AMBIENTAL COMO XERADOR DE ACTIVIDADES CAPACES DE PRODUCIR EMPREGO, SAÚDE E BENESTAR A POBOACIÓN”

PROF. DR. D. DOMINGO GÓMEZ OREA
Catedrático de Medio Ambiente, Ordenación Territorial e Planificación do Desenvolvemento Sostible da Universidad Politécnica de Madrid. Ten 40 anos de experiencia profesional repartidos entre a empresa privada, a Administración pública, o exercicio libre da profesión e a Universidade, e practicada en Europa, África e América. É autor de 25 libros. Deseñou os modelos informatizados MAUSAR, para ordenación territorial; e IMPRO, para avaliación de impacto ambiental. Premio “Augusto González Linares” a unha traxectoria en medio ambiente e territorio, promovido polo Goberno de Cantabria e a Universidad de Cantabria.

16:30 H.: V SESIÓN PLENARIA: “A XESTIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS COMO FACTOR DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO DE GALICIA”

PRESIDENTE: PROF. DR. D. DOMINGO GÓMEZ OREA

RELADORES:

- **“DIVERSIDADE NATURAL E ECOLÓXICA DE GALICIA”**
PROF. DR. D. ROXELIO P. MOREIRA
Experto naturalista. Profesor de Territorio e Paisaxe na Escola Politécnica Superior da Universidade de Santiago de Compostela-Campus de Lugo.
- **“O PLAN DIRECTOR DA REDE NATURA 2000”**
D. JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ BOUZAS
Director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia da Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.
- **“PLANS DE ACCIÓN DAS RESERVAS DA BIOSFERA COMO ESTRATEGIA TERRITORIAL DE SUSTENTABILIDADE”**
D.^a ANDREA MACHO BENITO
Técnica de Medio Ambiente da Deputación de Lugo.
- **“MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE LUCENSE: NOVOS RETOS E OPORTUNIDADES DE FUTURO”**
PROF. DR. D. ANTONIO RIGUEIRO RODRÍGUEZ
Catedrático de Botánica Forestal do Departamento de Producción Vexetal e director da Estación Científica do Courel da Universidade de Santiago de Compostela. Académico numerario da Real Academia Galega de Ciencias.
- **“XARDÍNS E ÁRBORES MEMORABLES DE GALICIA”**
PROF. DR. D. CARLOS RODRÍGUEZ DACAL
Doutor en Bioloxía. Catedrático de Ciencias Naturais. Botánico especialista en xardinería e flora ornamental.
- **“O TURISMO SOSTIBLE EN GALICIA: POSTA EN VALOR DO ENTORNO NATURAL COMO MEDIO DE RECREO E RENDIBILIDADE ECONÓMICA”**
D.^a MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
Directora de Turismo de Galicia.

20:00 h.: ACTO DE CLAUSURA DO CONGRESO.



Reserva da Biosfera Terras do Miño

INFORMACIÓN XERAL

OBXECTIVOS

- Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana dos cidadáns.
- Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema, fomentando a creación de núcleos de sostibilidade.

DESTINATARIOS/AS

- Técnicos/as, funcionarios/as e responsables políticos da Administración local, provincial e autonómica, que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.
- Técnicos/as e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.
- Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.
- Representantes de asociacións ecoloxistas, asociacións de montes, asociacións de consumidores, asociacións veciñais, etc.
- Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas, etc.).

METODOLOXÍA

- 1 conferencia inaugural, 3 conferencias maxistrals, 5 sesións plenarias, 1 sesión de comunicacións técnicas e visitas prácticas configuran a estrutura do congreso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañadas de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (power point), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** limitadas á capacidade do local.
- **Cota de inscrición:** 30,00 €.
- **Becas gratuitas: 100** (se cubrirán por rigorosa orde de inscrición e serán destinadas a todos aqueles que acrediten algunha das seguintes condicións):
 - a/ Desempregados.
 - b/ Estudantes universitarios e dos ciclos educativos de formación profesional de carácter ambiental.
 - c/ Empregados públicos da administración local, provincial, autonómica, estatal e europea; e responsables políticos dos concellos de Galicia e Norte de Portugal.
 - d/ Representantes de asociacións (ecoloxistas, de montes, de consumidores, veciñais, etc.) sen ánimo de lucro.
 - e/ Representantes dos colectivos profesionais de Galicia que figuren na contraportada do programa, no apartado Entidades becarias, a través dos seus colexios profesionais (Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia e Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña/COETICOR).
- **Forma de pagamento:** o aboamento efectuarase mediante transferencia bancaria a ABANCA (oficina 372 Santiago – Fray Rosendo Salvado), nº de conta: ES38 – 2080 – 0372 – 88 – 3040011862, a favor dos Cursos de Saúde Ambiental 2014, especificando o nome e apelidos da persoa inscrita.
- **Forma de inscrición:** cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar co xustificante do pagamento o coa acreditación de becario, e presentarse/enviarase por correo electrónico á Secretaría Técnica (inscripciones@medioambienteysalud.com). O prazo para formalizar a inscrición abrirase o luns día 1 de setembro, fixándose a data límite de formalizala o venres día 10 de outubro as 14:00 horas.

DOCUMENTACIÓN

- Entregarase unha carpeta e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO, RECOÑECIMENTOS E CRÉDITOS DE LIBRE ELECCIÓN

- O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do curso, que consta de 32 horas lectivas, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.
- A Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia outorga o **recoñecemento de interese sanitario** para o desenvolvemento do LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL.
- O LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL está **recoñecido como curso de relevancia administrativa** pola Asociación Española de Ciencias Administrativas - Instituto Internacional de Ciencias Administrativas-Sección Española.
- A Universidade de Santiago de Compostela concederá **1 crédito de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións do LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL.
- A Universidade da Coruña concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións do LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL. (en tramitación)
- A Universidade de Vigo concederá **2 créditos de libre configuración** ao alumnado matriculado nesa Universidade, sempre que se acredite unha asistencia de como mínimo ao 85% das sesións do LIV CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL.

SEDE, DATAS E HORARIO



- **Sede:** salón de actos da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Lugo (Ronda da Muralla, 70 - 27071 Lugo).
- **Datas:** do 13 ao 16 de outubro de 2014.
- **Horario:** de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:30 horas (luns, martes, mércores e xoves).

SECRETARÍA TÉCNICA



INFORMACIÓN

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN LUGO

Ronda da Muralla, 70

27071 LUGO

Tel.: 982 294 066

<http://www.medioambienteysalud.com>

INSCRICIÓN

D.^a María del Carmen Rivas Fernández

SECRETARIA DO CONGRESO

E-mail: inscripciones@medioambienteysalud.com

AXENCIA DE VIAXES



INFORMACIÓN

D.^a Emma González Vázquez
R/ General Pardiñas, 10-16 (Local 15)
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)
Tel.: 981 577 577
E-mail: emma@viajestrotta.com

Organismos colaboradores




Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental



Entidades e empresas colaboradoras e participantes



AENOR



Entidades e empresas becarias (100 becas solidarias)



Recoñecementos e acreditacións

Declarado de interese sanitario pola



Recoñecido con créditos de libre elección polas



Recoñecido como Curso de Relevancia Administrativa pola



*Asociación Española de Ciencias Administrativas
Instituto Internacional de Ciencias Administrativas
Sección Española*

Universidade de Vigo⁽²⁾